



## CALENDARIO DE PROPOSTAS DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO (NOVOS OU MODIFICACIÓN DOS EXISTENTES) PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2016-2017

Aprobado polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2014

CALENDARIO	ÓRGANO RESPONSABLE	ACTIVIDADES A REALIZAR POLO ÓRGANO RESPONSABLE
2 de febreiro de 2015	Órgano responsable da elaboración da proposta (Comisión Académica do Programa)	Declaración de intencións de presentación do Programa de Doutoramento.
23 de marzo de 2015	Órgano responsable da elaboración da proposta (Comisión Académica do Programa)	Presentación da proposta incluíndo: - Memoria Económica. - Memoria Xustificativa dos requisitos
15 de maio de 2015	Órgano responsable da elaboración da proposta (Comisión Académica do Programa)	Presentación do proxecto de memoria de verificación do Programa de Doutoramento consonte ao RD 99/2011.  Inicio da súa exposición pública e do prazo de presentación de alegacións ante a EIDUDC.
4 de xuño de 2015	Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC)	Finalización da exposición pública, do prazo de presentación de alegacións e do prazo para a emisión por parte da EIDUDC de informe sobre a proposta do Programa de Doutoramento.
17 de xuño de 2015	Órgano responsable da elaboración da proposta (Comisión Académica do Programa)	Fin do prazo para contestar, de ser o caso, por parte da CAPD, ao informe emitido pola EIDUDC e ás alegacións presentadas, e remisión á EIDUDC da memoria de verificación e incorporación por parte da CAPD á sede electrónica do MECD da nova proposta ou modificación de programa coordinado pola UDC.
xullo de 2015	Consello de Goberno / Consello Social	Data límite de aprobación do Programa de Doutoramento polo Consello de Goberno e o Consello Social
31 de xullo de 2015	EIDUDC / Vicerreitoría de Investigación e Transferencia / Vicerreitorado de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías	Data límite para envío á SXU

Logo da autorización de tramitación por parte da Comunidade Autónoma, someteranse ao Consello de Universidades para proceder á súa verificación.

As novas propostas de verificación ou modificación que non sexan solicitadas nestes prazos non se tramitarán neste curso académico.

**Declaración de intencións.** Os formularios que deben cumprimentar para as Declaracións de Intencións de programas interuniversitarios ou programas con participación única da UDC están dispoñibles en <http://www.udc.es/eid/programas/>

e deben ser remitidos aos enderezos seguintes:

[oficina.doutoramento@udc.es](mailto:oficina.doutoramento@udc.es)

[direccion.eid@udc.es](mailto:direccion.eid@udc.es)

[secretario.eid@udc.es](mailto:secretario.eid@udc.es)

**Memorias Xustificativa e Económica.** As Memorias de Verificación incorporadas na sede electrónica do Ministerio, segundo a Orde do 20 de marzo de 2012 da Xunta de Galicia [https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria\\_down/titulos/ORDE\\_20-03-2012\\_desarrollo\\_D222\\_2011.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/titulos/ORDE_20-03-2012_desarrollo_D222_2011.pdf), deberán acompañarse da Memoria Xustificativa dos requisitos, da Memoria Económica e, de ser o caso, dos convenios de participación. Estas memorias deberán deixar constancia da realización de estudos de demanda, participación dos grupos de interese na elaboración da proposta, oportunidade estratéxica formativa, de especialización ou socioeconómica, a non existencia de oferta similar na UDC ou no SUG, e calquera outra evidencia ou estudo que xustifique a implantación da nova proposta. No caso de modificación, achegarase, ademais, un documento de texto cos cambios introducidos no título.

**Sinatura dos convenios de programas interuniversitarios coordinados pola UDC.**

A sinatura do convenio debe tramitarse o/a responsable do programa na UDC (en <http://www.udc.es/eid/programas/> está publicado un modelo de convenio).

Unha vez asinado o convenio polos/as Reitores/as de todas as universidades participantes, a EIDUDC encargarse de agregalo á documentación do programa e do seu envío á Xunta de Galicia.

De non ter o convenio asinado no prazo establecido, o/a responsable da proposta na UDC poñerase en contacto coa EIDUDC para que desde a EIDUDC se tramite a sinatura do Reitor do acordo de participación da UDC no programa; e remitiralle á EIDUDC os acordos de participación do resto das universidades participantes asinados polos/as seus/súas respectivos/as Reitores/as.

**Acordos do Consello de Goberno e do Consello Social.** A agregación destes acordos á documentación de cada programa farase desde a EIDUDC.

**Modificación dun Programa de Doutoramento xa existente.** En xeral, non é necesario aportar a Memoria Xustificativa dos requisitos e a Memoria Económica, dado que este requirimento xa foi avaliado previamente na proposta do Programa de Doutoramento como programa novo.



No caso de incorporación dunha universidade, incluíranse ditas memorias e asinarase un novo convenio interuniversitario (no caso de non telo asinado no prazo establecido, incluírase un acordo de participación da UDC no programa asinado polo Reitor).

**Incorporación da memoria de verificación á plataforma electrónica do Ministerio.**

O Director da EIDUDC e a persoa responsable da proposta daranse de alta na sede electrónica do Ministerio <https://sede.educacion.gob.es/tramite/login/plogin.ijsp>. A EIDUDC dará as instrucións oportunas para cumprimentar a memoria na sede electrónica do MECD.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 3 páxinas numeradas e seladas, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data **19 de decembro de 2014**.

O secretario xeral

Asdo. *Carlos Amoedo Souto*